

ROBERT SHILLER

“Aínda que é posible que as bolsas manteñan, ou inclusive incrementen durante certo tempo ou seus niveis de cotización actuais, a perspectiva para os próximos 10 ou 20 anos é moi pobre, probablemente incluso perigosa”. O recente desplome dos mercados bursátiles de todo o mundo ven de deixar o IBEX35, descontada a depreciación pola inflación medida có IPC, a niveis de 1996. Isto é, quen teña investido na bolsa española nos últimos 15 anos, o máis probable é que perdesse poder adquisitivo (excuso decir que de seren o sector financeiro ou algunhas xoias da burbulla puntocom –Terra, por exemplo- as principais apostas, as perdas terían sido moito máis importantes).

A premonitoria cita que principia este artigo é de Robert Shiller, célebre economista e profesor da Universidade de Yale, na súa obra *Irrational exuberance* (exhuberancia irracional). Máis significativo é o momento da súa publicación: o ano 2000, xusto antes de se iniciar o descalabro bursátil. *Irrational exuberance*, un estudo da ‘enorme burbulla bursátil’ que a maioría negaba mentras seguían a desfrutar da festa, baseaba os seus argumentos en factores que algúns consideraban ‘excéntricos’ para un estudo financeiro: o auxe na sociedade de valores materialistas (á pregunta “qué é unha ‘boa vida’?” o 30% dos enquisados en 1978 respostaban “gañar moito diñeiro”; en 1994, o 63%); a creencia xeralizada de estarmos a vivir unha ‘nova era’, marcada por internet e o declive dos rivais de EE.UU; os efectos demográficos da xeración do ‘baby boom’; os recortes impositivos ás gañancias de capital; a ilusión monetaria pola redución da inflación a niveis historicamente baixos; o papel dos medios de comunicación como provocadores de ‘cascadas de atención’ e pensamento único; ou o ‘comportamento de rebaño’ e outros factores psicolóxicos, sociais e morais eran algunhas das razóns polas que o mercado irracional e exhuberante cotizaba a niveis prezo-beneficio (como tamén mostraba con estatísticas dos últimos 150 anos) xamais vistos.

Non foi a primeira vez nin a última que Shiller se adiantaba ao seu tempo. A primeira, en 1981, cando publica un artigo que marca o inicio das ‘finanzas do comportamento’: demostraba matematicamente que os mercados experimentan volatilidades unhas dez veces superiores ás que, como máximo, deberían experimentar se exclusivamente obedecesen a factores ‘fundamentais’; isto é, a estimacións do valor real dos activos e non a simple especulación. O errático comportamento dos mercados estes días, onde un rumor sobre o rating da débeda pública francesa provocado pola interrupción das vacacións de Sarkozy é capaz de provocar unha caída do 8% intradía, fannos unha idea de en mans de quen estamos. A última, os anos previos ao estalido da crise subprime, cando era unha das voces –xunto a Krugman, Roubini ou Stiglitz- que advertían repetidamente dos serios riscos que corriamos coas burbullas crediticia e inmobiliaria.

Hoxe Robert Shiller está á cabeza en todas as listas de economistas de prestixio, e aposto non ha tardar moito en recibir o Premio Nobel. Queda aquí por escrito. Unha última anotación: di Shiller que *“a historia das burbullas especulativas nace, máis ou menos, ao mesmo tempo que a prensa”*, polo papel que os medios xogan na xeración de tendencias. Hoxe, máis que nunca, Galicia necesita da pluralidade de Xornal de Galicia, e éste, do apoio dos seus lectores. Todo o meu apoio á redacción de Xornal nestes momentos difíciles para todos, e o meu agradecemento pola oportunidade que me brindan para expresar as miñas ideas sempre que quero e sen cortapisas de ningún tipo. Probablemente outros non poderán presumir do mesmo. Ánimo Xornal!